

# ONDE VIVEN OS MONSTROS

Texto e ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Encadernado en cartón. Edición especial. 25 x 21,5 cm. 48 páx. 16 €

- CALDECOTT HONOR BOOK 1964
- BOSTON GLOBE-HORN AWARD 1981
- NEW YORK TIMES BEST ILLUSTRATED BOOK
- ALA NOTABLE CHILDREN'S BOOK

**Onde viven os monstros** (galego)

ISBN 978-84-8464-859-8. Tras os montes.

**Donde viven los monstruos** (castelán)

ISBN 978-84-8464-858-1. Clásicos contemporáneos.

**Allà on viuen els monstres** (catalán)

ISBN 978-84-8464-860-4. Clásics contemporanis.

**Piztiak bizi diren lekuan** (éuscaro)

ISBN 978-84-8464-724-9. Gaur egungo klasikoak.

**Onde vivem os monstros** (portugués)

ISBN 978-989-8205-31-5. Clásicos contemporâneos.

**Te' tu'ux ku kajtal le wáayo'obo'** (maia)

ISBN 978-84-8464-957-1. Clásicos contemporáneos.

*A noite en que Max vestiu o seu traxe de lobo e empezou a facer trasnadas dunha clase e doutra, súa nai chamoulle: -MONSTRO!*

*E Max díxolle: -VOUTE COMER!*

*Así que mandouno para a cama sen cear.*

*Aquela mesma noite, no cuarto de Max xurdiu un bosque...*

Publicado por primeira vez en 1963, «Onde viven os monstros» suscitou certa polémica polo seu tratamento nada exemplarizante dos nenos, pero chegou a ser un clásico da LIX e un referente imprescindible. Está traducido a numerosas linguas e ademais é unha das obras máis vendidas de todos os tempos.

Castigado sen cear polas súas trasnadas, Max emprende unha viaxe simbólica dende o seu cuarto ata un lugar fantástico, atravesando un tempo/espazo mítico e enfrontándose aos seus medos. Tras converterse no rei duns monstros tan feroces coma entrañables, retorna ao punto de partida, onde lle agarda a cea. Unha travesía de ida e volta, dende a realidade á ficción, sen que nada nin ninguén explique se esa metamorfose foi produto dun soño.

«Onde viven os monstros» é un exemplo de álbum ilustrado pola súa perfecta conxunción entre palabra e imaxe; unha historia poética e sinxela, contada con humor, total economía expresiva e absoluta harmonía entre texto e ilustracións. Todo se conxuga neste libro, pensado artisticamente ata o máis mínimo detalle: o xogo coa diagramación, o formato, a atmosfera case máxica que desprende cada páxina, a tensión argumental e a combinación de palabras, sons e repeticións.

Así, o tamaño das ilustracións vai *in crescendo* a medida que o protagonista se interna no mundo onírico; as imaxes ocuparán a totalidade da páxina cando a historia acade o seu clímax e irán diminuíndo en envergadura cando Max vaia regresando ao plano da realidade.

## ONDE VIVEN OS MONSTROS



TEXTO E ILUSTRACIÓNS DE MAURICE SENDAK

- **Temática:** viaxe imaxinaria ao mundo dos monstros.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** galardoador coa Medalla Caldecott, entre outros premios; diagramación e formato do álbum, exemplo de álbum ilustrado perfecto; diferenza entre realidade e ficción, imaxinación, soños; do autor e ilustrador de «[Na cociña de noite](#)», «[Máis alá da fiestra](#)», da *Minibiblioteca* e ilustrador da serie «[Osíño](#)» e «[Osos](#)», entre outros títulos.
- **Avance do libro:**  
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/onde-viven-os-monstros-g>

### Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 realizou máis de 90 libros infantís, unha prestixiosa traxectoria pola que recibiu en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Estudou Pintura e Debuxo no Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editora Harper & Brothers. Impulsou unha gran revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros.



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com